

MANIFESTO UNITARIO DO SINDICALISMO ALTERNATIVO E DE CLASE

1º MAIO: UNIR AS LOITAS POLA DIGNIDADE!!

Asistimos e sufrimos, xa non con tanto silencio, tempos convulsos para a clase traballadora: o mundo financeiro goberna coa súa fulminante man de ferro manchada de sangue obreiro e nós estamos a pagar ben caro a Restauración Borbónica, o pacto social e a traizón sindical.

Cando os bancos moven números, a xente perde as súas casas, as súas aulas, as súas menciñas, o sustento, a saúde... o seu traballo. Cando a igrexa predica, agocha pedófilos, secuestra úteros e ventres, e practica unha caza de bruxas sen piedade suliñando o chamado “pánico moral”. Cando o estado legisla, o policía tira da súa forza máis brutal sancionando e reprimindo aos máis débiles, os cárceres atéiganse cada día máis e os nosos dereitos, conquistados a base de suor e morte, son liquidados a golpe de decreto e concertación.

Mais, aínda que semellen discursos diferentes, todos falan a mesma linguaxe: neoliberalismo no económico e fascismo no político. Son os intereses dun puñado de burgueses os que crean a miseria das sen pan; os xogos duns poucos oligarcas son os que instauran a fame dos sen terra; as risas dos dos capitalistas contra a desesperación das ninguén.

E a clase obreira debe resistir. A clase traballadora temos que sumar para defendernos. Somos máis, somos maioría. A nosa obriga é loitar e combater, ser xenerosos entre nós, e vencer o medo, mantendo unha mobilización permanente e sostida no tempo.

Onte, coma hoxe, as traballadoras e traballadores da Galiza voltamos saír á rúa neste Primeiro de Maio sumando forzas, nunha unión do sindicalismo alternativo, de clase e combativo, amosando que ás clases populares non nos resignamos á farsa das corporacións sindicais que deron vida ós Pactos da Moncloa. A unidade obreira e popular é imprescindible para facerlle fronte a conxuntura que sufrimos. Chegamos a un punto en que só temos dúas saídas; ou a conquista da xustiza social ou barbarie.

O Primeiro de Maio non é unha festa. Non é unha efemérides calquera para lavar a cara e xustificar a traizón e a ineficacia sindical. Este Primeiro de Maio, é o berro de dor e dignidade das explotadas e explotados; é un acto de Memoria Histórica das traballadoras e traballadores con conciencia de clase.

Polo reparto do traballo e da riqueza mais a xustiza social

- Redución da xornada laboral, sen redución de salario
- A igual traballo igual salario
- Prohibición das horas extras, destaxos e pluriemprego.
- Adianto da idade de xubilación aos 60 anos
- Participación dos traballadores dentro da empresa: dereito á negociación dos traballadores en asembleas e seccións sindicais. .
- Eliminación da polivalencia e mobilidades funcional e xeográfica.
- Prohibición das ETTs
- Potenciación das economías locais e creación de redes de economía social alternativa para a planificación social deste o desenvolvemento territorial.
- Renda Básica e universal.
- Eliminación da actual lexislación laboral herdada das distintas Reformas laborais.

UNIR AS LOITAS POLA DIGNIDADE!!

VIVA O PRIMEIRO DE MAIO